



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 27/01/10:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xoves 24 de decembro saíu publicado no DOGA (Diario Oficial de Galiza) unha resolución de AGADER (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) na que se aprobaban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, e se anunciaba a convocatoria para o ano 2010.

Estas axudas están destinadas á diversificación e desenvolvemento local das zonas rurais de Galicia. Actividades non agrarias, creación e desenvolvemento de microempresas, fomento de actividades turísticas, servizos básicos á poboación rural e conservación e mellora do patrimonio son algunhas das áreas que teñen cabida nesta liña de axudas.

No ano 2008, o Concello de Vilaboa non presentou ningunha proposta para ampararse nestas subvencións e estas oportunidades non se poden perder, xa que contribúen á diversificación económica e á modernización e posta en valor do noso concello. Proxectos como a posta en valor do noso patrimonio local, medioambiental e histórico, fomento do emprego e fomento do turismo poderían saír adiante con estas axudas.

O prazo para presentar as solicitudes é de 60 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación e, por tanto, remata o vindeiro 22 de febreiro.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. O Concello de Vilaboa presentará un proxecto para a mellora e posta en valor do entorno do Forno do Cal, na parroquia de Santa Adrián de Cobres.

Segundo. O Concello de Vilaboa presentará un proxecto para a restauración, e posterior creación dun viveiro de empresas na Rectoral de Santa Cristina de Cobres.

Terceiro. O Concello de Vilaboa presentará un proxecto para habilitar as Salinas como zona de baño e de recreo.

Cuarto. O Concello de Vilaboa presentará un proxecto para a dotación de equipamentos nas instalacións das inmediacións do campo de fútbol de Figueirido.

Quinto. O Concello de Vilaboa presentará un proxecto para a restauración e mellora dos lavadoiros da parroquia de Bértola.

Vilaboa, 27 de xaneiro de 2010.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA